



## INFORMACIÓN ACLARATORIA PARA A SUBSANACIÓN DAS SOLICITUDES PROVISIONALMENTE EXCLUÍDAS

De cara a facilitar a correcta subsanación das solicitudes presentadas no concurso de adxudicación de novas oficinas de farmacia convocado por Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade de data 2 de xullo de 2018, que figuran como provisionalmente excluídas na lista publicada, ponse en coñecemento das persoas interesadas a seguinte información:

### **Causas de exclusión:**

#### 0 Non presenta Anexo III

Deberá presentarse o documento oficial de solicitude de inicio do procedemento "participación no concurso público para a adxudicación das novas oficinas de farmacia", con código SA300A, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e publicado no DOG núm. 129, do 6 de xullo de 2018.

#### 1 Non acredita titulación esixida/Imposibilidade de comprobación pola Administración

Deberán presentar o título oficial universitario en Farmacia aquelas persoas respecto das cales, por imposibilidade técnica de interconsulta por parte da Administración, non se puidera ter comprobado estar en posesión do mesmo (punto terceiro.II.5 *in fine* da resolución de convocatoria do concurso).

#### 2 Non presenta certificado de colexiación ou compromiso oficial de colexiación

Deberá presentarse un certificado de colexiación expedido polo correspondente Colexio Oficial de Farmacéuticos ou, no caso de non atoparse colexiado/a, un compromiso formal asinado pola persoa solicitante de colexiarse unha vez obtida a adxudicación da oficina de farmacia.



### 3 Non acredita o aboamento da taxa

As persoas que figuran como excluídas pola anterior causa deberán presentar o modelo oficial xustificativo do pagamento da taxa en formato pdf (modelo 730, exemplar para a Administración), o cal poderá ser descargado a través da Oficina Virtual Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), no apartado "cidadáns" e "operacións realizadas" (en caso de dificultades técnicas poden contactar coa propia axencia no teléfono 981-545107).

As persoas que non xustificaran coa súa solicitude o abono íntegro do importe da taxa, por presentar un xustificante correspondente a outro concepto, deberán achegar o documento oficial acreditativo do pago da taxa (modelo 730, 731 ou AI, exemplar para administración) polo concepto "solicitude para participar no concurso público de autorización de novas oficinas de farmacia" e código da taxa 311403.

En calquera caso, será imprescindible que se acredite que a taxa foi pagada antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes (06/08/2018).

### 4 Anexo IV incompleto/Modelo incorrecto

Deberá presentarse o modelo oficial de Anexo IV dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e publicado no DOG núm. 129, do 6 de xullo de 2018.

As persoas participantes excluídas pola citada causa deberán revisar que no dito anexo figuren relacionados de xeito detallado todos e cada un dos méritos alegados e susceptibles de valoración de acordo co baremo publicado (1. Méritos académicos; 2. Experiencia profesional; 3. Formación complementaria e outros méritos; 4. Publicacións en revistas científicas ou especializadas en ciencias da saúde; 5. Coñecemento do idioma galego; 6. Discapacidade; 7. Fomento, mantemento e creación de emprego).



Deberá observarse a debida concordancia co Anexo V.

#### 5 Anexo V incompleto/Modelo incorrecto

Deberá presentarse o modelo oficial de Anexo V dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e publicado no DOG núm. 129, do 6 de xullo de 2018.

A citada folla de autobarefacción deberá ser cuberta de acordo cos méritos relacionados no Anexo IV, consignando en cada un dos apartados dos méritos susceptibles de valoración a puntuación parcial e total dos mesmos, con observancia das puntuacións máximas asignadas no seu caso, así como a suma total de puntos obtidos.

#### 6 Non acredita Celga/Imposibilidade de comprobación pola Administración

Aquelas persoas que teñan declarado estar en posesión do Celga 4 ou equivalente cando fose expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e que por imposibilidade técnica de interconsulta por parte da Administración, non se puidera ter comprobado estar en posesión do mesmo (punto terceiro.II.5 *in fine* da resolución de convocatoria do concurso) deberán presentar documento acreditativo do mesmo.

No caso daquelas persoas que na súa solicitude indicaron presentar o certificado de estudos de lingua galega (Celga 4 ou equivalente) cando non fose expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e que non o teñan achegado, deberán presentar documento acreditativo do mesmo.

Lémbrese ás persoas participantes que, en todo caso, a posesión do dito certificado non opera como causa de exclusión do concurso, sendo computable unicamente como mérito de acordo co baremo, caso no cal debeu ser presentado coa solicitude (punto terceiro.II.4 e 5 da convocatoria).



## 7 Renuncia expresa

Informamos a aquelas persoas que tiveran presentado a renuncia expresa con posterioridade á solicitude de participación no concurso que, consonte o disposto no punto terceiro.II.6 *in fine* da convocatoria "*non procederá a devolución do importe aboado en concepto de taxa nos supostos de renuncia a participar no concurso público de adjudicación por parte das persoas participantes admitidas provisional ou definitivamente*".

### **Procedemento para a subsanación:**

Para proceder á emenda ou subsanación da solicitude, as persoas que figuren como provisionalmente excluídas deberán acceder ao seu expediente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e presentar a pertinente documentación empregando para elo o documento de "emenda ao requerimento", o cal deberá cumprimentarse e presentarse seguindo as instrucións recollidas na dita sede.

En caso de dificultade poderá empregar o servizo de información telefónico 012 ou chamar ao 981 900 643.

Aquelas persoas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración deberán proceder á emenda da solicitude polo medio empregado no seu día para a presentación da mesma (sede electrónica ou presentación presencial en rexistro).

**Prazo de subsanación:** 10 días hábiles (ata o 26 de outubro de 2018).